


# TEMA 8. OS PRIMEIROS POBOADORES

## ÍNDICE

1. Que é a Prehistoria.
2. A vida no Paleolítico.
3. A vida no Neolítico.
4. A vida na Idade dos Metais.
5. Galicia na Prehistoria.

### 1. Que é a Prehistoria?

- A Prehistoria é o primeiro período da Historia. Iniciouse coa aparición dos primeiros seres humanos e rematou co descubrimento da escritura.
- A Prehistoria divídese en:
  - **Idade de Pedra**
    - Paleolítico
    - Neolítico
  - **Idade dos Metais.**



## O Paleolítico, a época dos cazadores

- Os homes e as mulleres do **Paleolítico** vivían da caza e da recolección de froitos. Isto quere decir que eran **depredadores**.
- Eran **nómades**, isto é, non tiñan unha vivenda fixa senón que se trasladaban dun lugar a outro segundo as súas necesidades.

## O Neolítico, a etapa dos agricultores

- Hai aproximadamente 10.000 anos iniciouse un novo período, coñecido como o **Neolítico**.
- Os homes e mais as mulleres **aprenderon a cultivar a terra e tamén domesticaron algún animais** ( os seres humanos volvéronse produtores de alimentos ).Con iso establecéronse nun lugar fixo e fixéronse **sedentarios**.

## A Idade dos Metais,a etapa dos metalúrxicos

- Hai uns 7.000 anos, os nosos antepasados aprenderon a **traballar os metais** e xurdiron **poboados fortificados**.
- Coa **metalurxia** apareceron os primeiros **artesáns especializados** e desenvolvéronse **novos sistemas de transporte e comercio**.

## 2. A vida no Paleolítico

Os primeiros poboadores vivían en pequenos grupos de homes e mulleres.

Para sobreviviren, aprenderon a aproveitar a natureza.

- ✓ Alimentábanse da caza, da pesca e da recolección de froitos silvestres e moluscos.
- ✓ Eran nómades, vivían en covas ou grutas e trasladaban os seus campamentos cando se esgotaba a comida no lugar onde estaban instalados.
- ✓ Descubriron como facer lume, que foi un grande avance para a humanidade.

✓ **Crearon as primeiras obras de arte** realizando pinturas e gravados **nas paredes de moitas covas** e abrigos. A estas manifestacións artísticas chamámolas **arte rupestre**, que quere decir "arte das rochas".



- **Os instrumentos**

Fabricaban instrumentos con materiais como pedra, madeira, óso e corno. Facían coitelos, machados, lanzas, frechas, arpóns, anzois, agullas, etc.



Punta de frecha



martelo

- **Os vestidos**

Primeiro secaban as peles de animais. Despois cosíanas utilizando tendóns como fío e agullas de óso

- **As pinturas**

Pintaban sobre todo animais (bisontes, cabalos, mamuts...) e escenas de caza ou de danza. Utilizaban unha ou dúas cores realizadas con pigmentos naturais e, como pincel, usaban os dedos ou plumas de ave

- **O lume**

O lume permitiu iluminarse na escuridade, protexerse dos animais, quentarse e cocer os alimentos. Ao principio collían o lume da natureza e mantíñano prendido, pero máis adiante aprenderon a facelo eles mesmos

### 3. A vida no Neolítico

A partir da observación da natureza, os cazadores e colleiteiros do Paleolítico descubriron o ciclo do crecemento das plantas (**agricultura**) e aprenderon a domesticar animais (**gandaría**).

✓ As primeiras **plantas que cultivaron** foron **cereais** (trigo, cebada, centeo...) e **legumes** (lentellas, chícharos...).

✓ As principais **especies animais domesticadas** foron **o can, a cabra, a ovella, o boi, o cabalo e o porco**.

✓ O coidado do campo e dos animais fixo que os grupos humanos se establecesen en **lugares fixos e construísen poboados**. Deste xeito fixéronse **sedentarios**.

✓ Estes primeiros **poboados situábanse** en lugares planos, fértiles e **preto dos ríos** para obter auga doadamente.

- Os poboados

Adoitaban estar rodeados con muros de canas e barro. No interior había cabanas construídas con barro e palla.



Interior dunha casa neolítica

- Os novos utensilios

Para realizar as novas tarefas agrícolas inventáronse utensilios: a aixada para cavar, a fouce para segar, o muíño para moer o gran, etc. Tamén aprenderon a facer cestas con cordas e canas.



Fouce



muíño

- A cerámica

A necesidade de almacenar e cocer os alimentos favoreceu o xurdimento da cerámica.



- tecido

A invención do fuso para fiar e do tear para tecer permitiu fabricar tecidos. Como fíos usaban fibras naturais: liño, algodón e la.



Fuso